

Índice de vendas de comercio polo miúdo. Xaneiro 2006 COMUNICADO

Incremento no índice de vendas de comercio polo miúdo de Galicia en xaneiro de 2006

No mes de xaneiro de 2006 aumentaron as vendas do comercio polo miúdo en Galicia un 4,7% con respecto ao mesmo mes do ano anterior

O índice xeral de vendas de comercio polo miúdo aumentou en xaneiro de 2006 un 4,7% con respecto a xaneiro de 2005 en termos correntes. Se eliminamos o efecto calendario, isto é, a diferenza do número de días hábiles que presenta un mes nos distintos anos, o índice de xaneiro rexistra un incremento do 3,2%.

A análise das vendas por produto vendido, en termos correntes, sinala un incremento en todas as tipoloxías estudadas. O equipamento do fogar foi o que máis se incrementou, cunha taxa interanual do 7,8%, seguido do grupo doutros produtos, que creceu un 6,5%. A venda de produtos de alimentación e de equipamento da persoa crece en menor medida, un 3,1% e un 1,5% respectivamente.

As vendas en grandes superficies creceron un 4,0%

Por tipo de actividade e en termos correntes, o índice de comercio especializado aumentou un 5,1% e o do non especializado un 3,5%.

O índice de grandes superficies non especializadas presentou en xaneiro de 2006 un incremento interanual do 4,0%, sete décimas menos que o índice xeral.


Índice de vendas de comercio polo miúdo. Xaneiro 2006. Datos provisionais

	Índice	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Xeral	144,9	4,7%	4,7%
Xeral (corrixido de calendario)	147,2	3,2%	3,2%
Por actividade			
Especializado	142,8	5,1%	5,1%
Non especializado	141,0	3,5%	3,5%
Grandes superficies	188,4	4,0%	4,0%

FONTE: IGE. Índice de vendas de comercio polo miúdo



No seguinte gráfico pódese observar a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral dende 1999.



FONTE: IGE. Índice de vendas de comercio polo miúdo

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es